

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

IESP DE AMES

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CAPÍTULO I

1.- PLAN ANUAL

1º Obxectivos específicos, medidas a desenvolver e recursos previstos.

2.- HORARIO XERAL DO INSTITUTO

1º Horario xeral

2º Horario lectivo do centro

3º Aspectos destacables

3.- ORGANIZACIÓN DOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

1º Referencia ós servicios

CAPÍTULO II

1.- DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

ESTRUCTURA ORGÁNICA DO INSTITUTO

1º Consello escolar

2º Órganos unipersoais

3º Departamento de orientación

4º Departamento de actividades extraescolares e complementarias

5º Xefes de departamentos didácticos

6º Comisión de coordinación pedagóxica

7º Coordinación de formación en centros de traballo

8º Equipo de Dinamización lingüística

9º Coordinación de biblioteca

ESTADÍSTICA DE INICIO DE CURSO

SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

RESUMO DE NORMAS E DATAS DE INTERESE PARA O CURSO 2018/2019

CAPÍTULO III

1.- PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

1º Referencia ás actividades

2.- ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

1º Referencia ó proxecto

3.- PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

1º Referencia á formación do profesorado no centro

4.- PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO DO ALUMNADO DE FP BÁSICA

1º Referencia a FCT

CAPÍTULO IV

1.- IMPLICACIÓN DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA

2.- DIÁLOGO COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

ANEXOS

1º Programas ou plans anuais de lectura (Plan lector)

2º Plan de integración das TIC

CAPÍTULO I

PLAN XERAL ANUAL

1.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1.- Potenciar a oferta educativa xa existente no centro.

Medidas e recursos:

- Facer publicidade de tódolos estudos que oferta o centro.
- Tentar (dentro dos nosos medios, espazos e persoal) dar a maior oferta educativa posible, tanto na ESO como no bacharelato, e na FP Básica.
- Potenciar e dignificar os estudos de FP Básica (informática de oficina) ofertados.
- Seguir ofertando dous grupos reducidos en segundo e en terceiro de ESO incluídos no Plan de Mellora do Aprendizaxe que contempla a LOMCE, e axudar ao alumnado incluído nel a que se poida incorporar a cuarto de ESO coas menores dificultades posibles.

2.- Mellorar a calidade da ensinanza.

Medidas e recursos:

- Tratando de mellorar a formación do profesorado no centro, apoiando e facilitando, dentro do posible, a súa asistencia a xornadas e cursos de formación, así como apoiar tamén os seminarios permanentes e/ou cursos de formación no centro que poidan surxir, para afondar en diferentes temas de utilidade encamiñados á mellora da convivencia e/ou aprendizaxe.
- Adoptando as medidas necesarias para que os departamentos actúen máis coordinadamente.
- Utilizar os resultados das avaliacións externas para mellorar os resultados nas competencias.
- Tentar conseguir, como nos cursos pasados, unha porcentaxe de aprobados nas ABAU moi superior a media galega (o pasado curso 7 puntos), tanto en xuño como en setembro.
- Axeitar o o novo calendario escolar de segundo de bacharelato para maximizar o aproveitamento do mesmo.

3.- Tratar de manter, dentro do posible, o cadro de profesorado do centro (ou tratar de aumentalo se fose necesario). Este curso contamos con un incremento de 6 docentes debido a un aumento de tres unidades en ESO.

Medidas e recursos:

- Dialogar coa administración pública e coa inspección educativa para poder seguir ofertando ensinanza rica en diversidade de opcións, e en calidade.

- Loitar por conseguir máis profesorado de apoio para atender ao alumnado con NEE.

4.- Optimizar os recursos materiais e humanos.

Medidas e recursos:

- Procurar adaptar os orzamentos ás necesidades dos departamentos.
- Dotar tódalas aulas de recursos TIC e mantelos actualizados para o seu uso.
- Priorizar sempre o ben do alumnado na realización de horarios, programación de actividades...

5.- Informar á comunidade educativa sobre os itinerarios posibles ó rematar os estudos, tanto de secundaria obrigatoria, como de bacharelato ou FP básica.

Medidas e recursos:

- Convocatoria de charlas informativas e reunión cos sectores implicados.
- Realización de visitas ós centros onde existan os estudos que máis demanda o alumnado (visitas a centros de FP, Universidades, Centro Superior de Hostelería...).
- Solicitar a imprescindible colaboración do departamento de orientación.

6.- Interrelacionar o centro co espazo sociocultural no que estamos situados (coa colaboración do Concello e das asociacións da zona).

Medidas e recursos:

- Realizar actividades extraescolares tales como roteiros coa fin de que o alumnado coñeza e aprecie o seu contorno.
- Manter e ampliar, no posible, o contacto e colaboración coas institucións e empresas da zona para darlles a coñecer as nosas actividades, así como para que o noso alumnado coñeza as súas.
- Informar, potenciar e participar nas actividades organizadas por ditas institucións e empresas, facilitándolle o acceso ás nosas instalacións cando sexa posible.

7.- Fomentar a participación dos pais e nais na vida do centro.

Medidas e recursos:

- Organizar actividades conxuntamente: talleres, charlas, escola de pais e nais, clubs de lectura, ciclos de conferencias...
- Manter puntualmente informadas ás familias dos logros e dificultades dos seus fillos/as, para conseguir un traballo conxunto.

8.- Prestixiar ó labor docente: oficializar actos académicos.

Medidas e recursos:

- Tentar comenar os cursos (coa colaboración das dirección dos colexios adscritos) a realización dunha xornada de recepción do alumnado de 6º de primaria polo profesorado do primeiro ciclo do noso centro.
- Continuar coas visitas da directora e/ou orientadora do centro aos colexios adscritos para explicalles aos pais/nais a oferta educativa do noso IESP.
- Recibir, o equipo directivo, o departamento de orientación e os titores/as ao alumnado de 1º de ESO o día da presentación (que virá acompañado de pai/nai).
- Seguir realizando o acto de graduación de bacharelato con profesorado e familias.

9.- Propiciar a realización de actividades deportivas entre o alumnado, como medio para o seu desenvolvemento físico, propiciando hábitos saudables de vida e afastamento do consumo de drogas.

Medidas e recursos:

- Reparar e conservar as instalación e materiais deportivos existentes.
- Potenciar que o alumnado realice actividade física nos recreos, mantendo aberto o ximnasio e organizando actividades/competicións nel, sempre supervisadas por profesorado de educación física.
- Abrir as nosas instalación deportivas en horario non lectivo para que o concello e/ou clubs deportivos locais poidan facer uso delas.
- Fomentar a utilización nos recreos, do patio cuberto, tan necesario para o alumnado, sobre todo en días de choiva.
- Optimizar o uso do novo espazo de usos múltiples para actividades culturais e deportivas.

Para a consecución destes obxectivos, o centro conta coa inestimable colaboración do departamento de Educación Física.

10.- Integrar as viaxes culturais e intercambios educativos no currículo de diversas materias e/ou como contidos transversais a varias delas, de xeito que enriquezan a formación do noso alumnado.

Medidas e recursos:

- Establecer vínculos con escolas doutros países, para propiciar intercambios entre alumnado, tanto en grupo como a nivel individual.
- Potenciar visitas culturais a diferentes países europeos co fin de mellorar o coñecemento dos mesmos e practicar a súa lingua.
- Informar e implicar ás familias, e animarlas a colaborar nos intercambios, acollendo a estudantes estranxeiros na súa casa.
- Facilitar ao alumnado a realización de actividades para recadar fondos, sempre baixo a supervisión da vicedirección e/ou profesorado responsable da actividade.
- Solicitar a imprescindible colaboración dos titores/as dos cursos afectados.

11.- Adoptar as medidas oportunas para a atención do alumnado con NEE.

Medidas e recursos:

- Seguir as suxerencias do Departamento de Orientación.
- Solicitar a colaboración do profesorado, tanto para extremar a atención deste alumnado, como para a preparación de material adaptado as súas necesidades.
- Dar a información necesaria a todo o profesorado implicado na docencia do alumnado con NEE, convocando xuntanzas periódicas para consensuar as medidas a seguir polo equipo docente.
- Organizar, dentro dos nosos medios, os reforzos necesarios para que todo o alumnado con NEE estea atendido.
- Garantir a exención de francés, polo menos en tódolos casos que marca a lexislación vixente.
- Loitar por un incremento de profesorado especialista.

12.- Potenciar o estudo das linguas, e seguir co proxecto de plurilingüismo en inglés en toda a ESO, e, dende este curso 2018/19 en bacharelato.

Medidas e recursos:

- Seguir utilizando auxiliares de conversa en inglés. Dende o pasado curso contamos con un/unha auxiliar do programa “Fulbright” (só adxudicado a 30 centros en toda Galiza).
- Continuar con desdobres para practicar e mellorar a oralidade (sempre dentro das posibilidades de personal disponible).
- Solicitar actividades de inmersión lingüística para o noso alumnado.
- Solicitar a axuda do profesorado de linguas e do profesorado implicado na docencia das materias en inglés.
- Participar en proxectos de mobilidade de profesorado coa fin de mellorar a súa competencia en inglés.

13.- Dialogar coas autoridades educativas e co Concello de Ames para conseguir mellorar os accesos ao centro, e os espazos dentro do mesmo.

Medidas e recursos:

- Solicitar a presenza da policía local en horario de entradas e saídas.
- Solicitar ampliación da zona de aparcamento.
- Solicitar a mellora dos accesos ao centro.
- Continuar co imprescindible clima de cooperación e diálogo co Concello de Ames.

14º.- Dentro do Plan TIC, fomentar o uso das novas tecnoloxías, tanto por parte do profesorado como do alumnado.

Medidas e recursos:

- Dotar tódalas aulas de recursos informáticos.
- Optimizar o uso das aulas ABALAR para que poidan acceder a elas todo o alumnado do centro, sempre respectando a prioridade do alumnado de primeiro e segundo de ESO.

- Seguir as indicacións de uso dos recursos do centro elaboradas polo coordinador TIC.
- Desenvolver un Plan de Formación en Centro, donde o profesorado aprenda a sacar o maior partido posible dos recursos TIC que temos.

15.- Fomentar a convivencia, a solución pacífica de conflitos, a mediación entre iguais e a igualdade home/muller.

Medidas e recursos:

- Presentación e aprobación, se procede, das modificacións do NOF no Claustro e no Consello Escolar
- Contar con charlas e actividades para o alumnado que os formen sobre estes temas.
- Incluír contidos transversais en diferentes materias que traballen estes principios.
- Seguir as directrices marcadas polo Departamento de Orientación.

16.- Actualizar a documentación do centro para axustala á normativa actual.

Medidas e recursos:

- Constituír comisións e grupos de traballo que desenvolvan una nova documentación de funcionamento do centro para adaptala á lexislación vixente.
- Actualizar os documentos marco establecidos por lei, especificando a nosa oferta educativa.
- Propoñer, e no seu caso aprobar, as reformas que se estimen pertinentes en cada un deles.
- Pedir a colaboración de todo o profesorado.

17.- Seguir acometendo o Plan de mellora de Biblioteca, tal como propón o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia.

Medidas e recursos:

- Nomear anualmente un coordinador/a .
- Apoiar e colaborar co equipo de biblioteca, constituído por xente que traballe na súa dinamización.
- Propoñer actividades e/ou lecturas ao alumnado para fomentar neles o gusto por ler. Faremos especial fincapé en fomentar a lectura en galego.
- Formar clubs de lectura.

18.- Potenciar o uso do galego no centro.

Medidas e recursos:

- Elaborar un plan de actividades a través do equipo de normalización, e solicitar a axuda de tódolos departamentos na CCP para a súa realización.
- Participar en actividades (teatro, lectura de poesía, clubs de debate...) en galego.

- Seguir as directrices marcadas polo equipo de dinamización.

Dentro de cada una das actuacións mencionadas, e tamén dentro das académicas do centro, fomentaremos sempre a igualdade home/muller evitando a discriminación e as actitudes sexistas.

2.- HORARIO XERAL DO INSTITUTO

1º Horario xeral

O centro permanece aberto de luns a venres dende as 8:50 ata as 14:30 pola mañá, dende as 16:40 ata as 18:50 as tardes dos luns e dende as 16:40 ata as 19:30 os xoves (o luns é día lectivo, e o xoves empregárase para actividades tales como clases de reforzo subvencionadas polo concello de Ames, exames, traballos na aula de convivencia, cursos de formación en centros, reunións de grupos de traballo, claustros, consellos escolares....).

Fanse as gardas de autobús 20 minutos antes do comenzo das clases e 20 minutos despois do seu remate. Temos dous ou tres profesores/as de gardan á entrada polas mañás e dous nas salidas, reforzados/as sempre coa presenza dun membro do equipo directivo.

Ábreanse as portas 5 minutos antes do inicio das clases, dando tempo ao alumnado a que vaia os armariños e colla o material necesario para as súas clases.

Non se pechan as portas do centro en todo o periodo lectivo, para facilitar a entrada e saída de pais/nais que acoden a titorías, administración...

Os periodos lectivos son de 50 minutos, e alternamos cada dous con un recreo de 20 minutos. As gardas de recreo están cubertas por cinco ou seis profesores/as (cada un deles ten asignada un área concreta de vixilancia), ademais das gardas de ximnasio que son asumidas polo profesorado de educación física.

O uso do ximnasio está cedido ao concello en horario de 16:30 a 20:30 (de martes a venres) para actividades deportivas, previa autorización do consello escolar e concedido o permiso correspondente por parte da Xefatura Territorial.

As oficinas do centro terán como horario de atención ao público de 10:00 a 13:00 horas.

O horario de conserxería é de 8:30 a 15:00 horas polas mañás, e de 16:30 a 18:30 as tardes de luns e xoves (estando só un conserxe a tarde do xoves).

Este curso 2018/2019 implantouse o “Pluribach” en primeiro de bacharelato. As dúas horas de impartición da materia extracurricular voluntaria marcada por lei serán o luns de 14:30 a 16:30, polo que o centro contará coa presenza dun conserxe neste horario, exclusivamente para atender as necesidades do profesorado e alumnado apuntado nesta actividade.

Durante o mes de xullo o centro permanece aberto de luns a venres dende as 9:00 ata as 14:00 pola mañá.

No mes de agosto o centro permanecerá aberto de 10:00 a 12:00 pola mañá un/dous días na semana. Contará coa presenza dun conserxe. E tamén con un membro do equipo directivo e outro de secretaría de garda, que acudirán ao centro se fosen requeridos/as para emitir calquera certificado ou papel oficial.

2º Horario lectivo do centro

Cada período lectivo terá una duración de 50 minutos, e distribuiranse de luns a venres en 6 periodos lectivos pola mañá (de 8:50 a 14:30), e outros dous a tarde do luns (de 16:40 a 18:20). Pola mañá programaranse dous descansos de 20 minutos cada un deles (ás 10:30 e ás 12:30).

As clases de educación física de 4º de ESO, como norma xeral, estarán colocadas ao lado dun recreo, para facilitar o traslado de dito alumnado á piscina municipal (na que se imparte un curso de natación durante un trimestre).

6º Aspectos destacables

Tódolos cursos terán clase pola mañá e a tarde do luns (inclusive os de FP Básica).

Respectouse o máximo posible a elección das optativas en 4º de ESO e en bacharelato. Este ano co agravante da ampla oferta de materias de modalidade e optativas en primeiro e segundo de bacharelato LOMCE, moitas delas con diferente carga horaria. Foi un enorme logro conseguir cadrar as diferentes opcións, de maneira que se respectara a primeira elección da maioría do alumnado de primeiro e de segundo.

Están cubertas tódalas gardas de autobús, de aula, de recreo, de ximnasio e de dirección.

Temos cubertas tódalas horas de reforzo derivadas das exencións de francés en primeiro e segundo de ESO, así como outras de reforzos de linguas, asumidas por profesorado que non tiña cuberto todo o seu horario lectivo.

Este curso tamén implantamos reforzos de lingua castelá, matemáticas e economía en bacharelato, coa finalidade de manter e/ou mellorar os resultados do noso alumnado nas probas de ABAU.

Temos aberta a biblioteca dende segunda ata quinta hora da mañá, incluídos os recreos, con persoal dinamizador e ampla oferta de actividades.

Temos asignada una hora de desdobre na materia de inglés para traballar a oralidade, nos niveis de segundo a cuarto de ESO.

3.-ORGANIZACIÓN DOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

As rutas, paradas, autorizacións excepcionales de ESO e Bacharelato e as empresas de transporte escolar foron enviadas en prazo á Xefatura Territorial de A Coruña. O centro dispón dunha copia na secretaría. Tamén se pode acceder aos datos presentados dende o XADE.

Sinalar que o incremento de alumnado fai que o número de autobuses concedidos sexa claramente insuficiente. Debido a iso estamos tramitando a concesión dunha dobraxe nas rutas máis masificadas.

CAPÍTULO II

1.- DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

1º.- Estructura orgánica do instituto

Consello Escolar:

Presidenta: Dona M^a Soledad Louro Lestón

Secretario: Don Fernando Raposo Rodríguez

Xefa de estudos: Dona Marina Fernández Montoto

Representantes do profesorado:

Don Antonio Vázquez Cardesín

Don José Alberto Berriochoa Esnaola

Don Julio Carreira Rodríguez

Dona Dolores Suárez Denís

Don Roberto Amarelle Garabán

Don Xesús Xiráldez González

Representantes de Pais/nais

Dona Ángeles Grandío Carrillo

Don Modesto Rouco Villar

Dona Emilia Cajade

Dona Dolores Mouriz (ANPA)

Representantes do alumnado:

Don Javier Rouco Almuiña

Don Sergio García Cajade

Don Thiago Canedo

Representante do Concello:

Dona Genma Otero Uhía

Representante de administración e servizos:

Dona Eva Vilas Montero

O vindeiro mes de novembro correspóndenos renovar a metade dos representantes do Consello Escolar.

Órganos unipersoais

Directora: Dona M^a Soledad Louro Lestón

Secretario: Don Fernando Raposo Rodríguez

Xefa de estudos: Dona Marina Fernández Montoto

Vicadirectora: Dona María Xesús García Otero.

Departamento de orientación

Xefatura: Dona Ana Rubio Cereijo

Departamento de actividades extraescolares e complementarias

Labor levado a cabo pola vicedirectora Dona María Xesús García Otero

Xefes/as de departamentos didácticos

Lingua Castelá e Literatura: Dona María Requeijo Pernas

Física e Química: Dona Carlota Paz Costoya

Bioloxía: Dona Paz Peña Villamide

Tecnoloxía: Don Antonio Vázquez Cardesín

Matemáticas: Dona Sara López Álvarez

Lingua Galega e Literatura: Dona Concepción Leal Gómez

Relixión: Don Antonio Cantelar Esparís

Inglés: Dona Lucinda Sousa Dopazo

Grego/latín: Dona Margarita Olivar Roldán

Historia: Don Fernando Sáinz García

Francés: Don Xabier Ron Fernández

Filosofía: Dona Eva Garea Traba

Educación Plástica: Don Benito Lanzós Novoa

Educación Física: Dona Pilar Veiga Barbazán

Economía: Dona Mercedes Pazos Pardos

Comisión de coordinación pedagóxica

Presidenta: Dona M^a Soledad Louro Lestón

Xefa de estudos: Dona Marina Fernández Montoto

Todos/as Xefes/as de departamento

Coordinación do equipo de dinamización lingüística:

Don Carlos Negro Romero

Coordinación de biblioteca:

Don Xesús Xiráldez González

Coordinación TIC:

Don Fernando Raposo Rodríguez

ESTADÍSTICA DE INICIO DE CURSO

Figura no Documento de Recollida de Datos (DRD) e no Documento de Organización do Centro (DOC).

SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

O edificio do IESP de Ames, indudablemente, é moi pequeno para o elevado número de alumnos/as que temos.

Esta falta de espazo nótase, sobre todo nos lugares comúns (corredores servizos...). Aínda que quedou moi paliada polas diferentes ampliacións que se levaron a cabo estes últimos anos, e, sobre todo pola sala de usos múltiples recién estreada este curso, tan necesaria para as clases de educación física e para actos reglados a celebrar no centro (que ata agora non podíamos).

Ademais o edificio posúe moitos outros problemas froito, ou dunha deficitaria construción, ou do deterioro normal acontecido co paso do tempo. De entre eles podemos destacar: goteiras no ximnasio e corredores (que continúan despois de múltiples intentos de arranxo), perda de calor polas ventás (mal seladas e con cristal sinxelo), múltiples portas acristaladas de aluminio de baixa calidade (necesitan reparacións contínuas)... polo que a nosa próxima petición a Consellería de Educación será a realización da envolvente térmica para a mellora da eficiencia enerxética.

Con respecto aos equipamentos, consideramos que o centro está ben dotado de material TIC e ordenadores e pizarras dixitais enviadas cando nos incluímos na rede ABALAR.

Contamos, ademais, dende o curso pasado con acceso de Internet por banda ancha, o que nos facilita moito o labor, tanto académico como administrativo

RESUMO DE NORMAS E DATAS DE INTERESE PARA O CURSO 2015/2016

1) Datas de avaliacións:

Avaliacións iniciais: semana do 15 ó 19 de outubro

Primeira avaliación: semana do 17 ó 21 de decembro

Segunda avaliación: semana do 18 ó 22 de marzo

Avaliación final:

- As datas de 2º Bach estarán fixadas pola GIUG, tendo en conta que este curso será o primeiro no que se realicen en xuño e xullo.
- A avaliación de pendentes de primeiro de bacharelato terá a mesma data que a avaliación final de segundo de bacharelato.
- Avaliación de pendentes da ESO o 21 de xuño
- Avaliación final de ESO e Primeiro de bacharelato e extraordinaria de 2º de bacharelato de 21 ó 25 de xuño

Avaliación de pendentes:

Aínda que todos os departamentos farán un seguimento de pendentes ao longo do curso, propoñendo traballos e/ou exercicios para poder recuperar as materias non superadas, tal como marca a lei, o alumnado terá dereito a realizar un examen con tal fin, que será en maio, seguindo un calendario pactado entre os Departamentos Didácticos e a Xefatura de Estudos, co fin de que todo o alumnado poida realizar as probas de maneira que non interfiran unhas coas outras, nin cos exames da terceira avaliación.

As datas marcadas polos diferentes departamentos didácticos están a disposición de toda a comunidade educativa, tanto no taboleiro de anuncios de pendentes, na Xefatura de Estudos e na web do centro.

2) Días non lectivos

Propónse como día non lectivo a elixir polo centro o día 31 de maio do 2019.

3) Uso do salón de actos

Para calquera actividade que precise do uso do salón de actos, compre facer con antelación reserva no despacho de vicedirección.

4) Aulas de informática

Para uso das aulas de informática compre facer a reserva no taboleiro do despacho do secretario.

5) Biblioteca

Para o seu uso en algunha actividade lectiva, compre facer a reserva na folla habilitada para tal efecto na biblioteca.

6) Exames e/ou outras actividades fóra do horario escolar

O centro permanecerá aberto os xoves de 16:40 a 19:30.

Con carácter excepcional, os profesores/as que queiran facer uso do centro pola tarde outro día teñen que solicitalo por escrito á dirección do Centro, argumentando dita petición.

6) Gardas

O profesorado que teña gardas de bus deberá vixiar o exterior do centro (parte dianteira e traseira). No momento que toque o primeiro timbre dous deles pasarán á zona dos armariños. A garda remata cando sona o segundo timbre que marca o inicio das clases.

Nas gardas de corredor o profesorado debe saír ao mesmo no momento en que sone o timbre, permanecer nell para evitar problemas nos desprazamentos do alumnado, e detectar con rapidez a falta dalgún profesor/a.

Co alumnado de bacharelato seguirase o mesmo criterio que na ESO: en caso de ausencia dun profesor/a os alumnos/as permanecerán na aula baixo a atención dun profesor/a de garda. Tamén os alumnos/as que o soliciten poderán acudir a biblioteca.

Nas gardas de recreo cómpre percorrer todo o edificio, así como o exterior do mesmo. Para que as gardas sexan eficaces, os profesores/as deben facer os percorridos individualmente (nunca en grupo).

7) Partes

Cando un alumno/a comete unha falta contraria á convivencia, o profesor/a debe cubrir un parte de convivencia.

O tratamento destes partes está supeditado á aplicación das NOF (onde se regulan as normas contrarias á convivencia, a súa clasificación e a sanción correspondente a cada unha delas)

8) Faltas de asistencia de profesorado

A maior brevedade posible entregárase cuberto na xefatura de estudos (bandexa "profesorado") o modelo oficial cuberto.

9) Faltas de asistencia de alumnado

Cada profesor/a deberá introducir no XADE, a maior brevidade posible, as faltas de asistencia do alumnado.

O profesorado de garda deberá anotar as faltas e comunicarlles a persona titora, que as introducirá no XADE.

10) Actividades extraescolares

Para o profesorado que participe en saídas didácticas extraescolares de un día enteiro contémpase una dieta de 18,70 euros, se a comida non está incluída en dita actividade.

No caso de viaxes de máis de un día, e sempre que a manutención non estea incluída, a dieta será de 37,40 euros en España e 40 no estranxeiro. Se o desprazamento é no vehículo propio, a 0,19 €/km

Posto que a ratio real é de un profesor/a por cada 20 alumnos/as, enténdese que será éste o criterio para establecer o número de dietas a pagar, que se prorratarán entre o profesorado participante, cando o número sexa maior,

As programacións didácticas dos departamentos incluírán a proposta de actividades extraescolares e complementarias, que será aprobada en claustro e consello escolar.

O profesorado que as realice deberá informar á vicedirección, así como facilitarlle a lista de participantes coa antelación suficiente para poder informar a todo o profesorado afectado.

É importante que os titores/as que coñezan situacións familiares economicamente difíciles dalgúns alumnos/as, o comunique á dirección para ver a posibilidade de que o centro ou a ANPA poidan sufragar os gastos

CAPÍTULO III

1.- PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Rematado o prazo da súa presentación pasarán por claustro e consello escolar para a súa aprobación a primeira semana de novembro.

Posteriormente, para a súa consulta, estarán en vicedirección a disposición de toda a comunidade educativa.

2.- ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

O proxecto lingüístico inicial de centro foi aprobado no consello escolar do 29 de abril do 2015, e está a disposición na secretaría do centro. A primeira corrección, para adaptarnos a LOMCE aprobouse o 12 de xuño do 2016.

Este curso o Concello de Ames será o que realice, recolla e interprete as enquisas de alumnado, profesorado e familias, para facer o mapa sociolingüístico de centro e da contorna.

3.- PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Para o curso 2018/2019 contaremos con:

Curso de :

“Proxecto sobre a Memoria histórica” da man de J.J. Ron e Roberto Barral

“O IESP de Ames: seguro e sostible” da man de Roberto Amarelle e Roberto Barral.

4.- PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO DO ALUMNADO DE 2º CURSO DE FP BÁSICA

O alumnado de FP Básica fará a súa formación en centros de traballo nas aulas CEMYT do Concello de Ames

CAPÍTULO IV

1.-IMPLICACIÓN DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA E ENTIDADES EXTERNAS

Para a mellora do funcionamento do noso centro solicitaremos a implicación e a axuda de diversas entidades externas, por unha banda, necesarias para enriquecer a educación en valores do noso alumnado, e por outra, para conseguir una completa integración de toda a comunidade educativa na vida do centro.

Continuaremos cultivando a inestimable colaboración do Concello de Ames en actividades tales como: limpeza e mantemento dos espazos verdes do centro, colaboración coas

concellerías de mocidade e asuntos sociais para prevenir casos de abandono e/ou absentismo escolar e para atender as necesidades de alumnado pertencente a familias con graves problemas económicos, colaboración coa concellería de deportes para a continuación do uso por parte do centro do pavillón polideportivo e da piscina municipais, colaboración coa policía municipal para a mellora da seguridade nos accesos ao centro, realización da FCT do alumnado de FP Básica...

Continuaremos colaborando con Cáritas e outras organizacións solidarias sen ánimo de lucro para a recollida de libros, roupa... (actividades que conciencian ao alumnado das fortes diferenzas sociais e que impulsa o seu setimento de solidariedade).

Seguiremos contando coa presenza da Garda Civil, que dentro do seu plan director, inclúe charlas para alumnado e familias sobre os perigos de INTERNET, o consumo de drogas....

Colaboraremos con outras entidades para poñer en marcha actividades sobre sustentabilidade, igualdade home/muller, tolerancia,,,, e calquera outra actividade encamiñada á mellora da convivencia no centro.

2.- DIÁLOGO COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Coa fin de mellorar as condicións de traballo, tanto a nivel persoal como de medios, buscaremos sempre o diálogo coas autoridades educativas en aspectos como os seguintes:

Buscar que o cupo de profesorado autorizado para o centro sexa o máis axustado posible as nosa necesidades, tendo en conta o elevado número de alumnos/as e a ampla oferta de optativas derivadas desta circunstancia.

Conseguir profesorado de apoio especialista para atender ao alumnado con NEE.

Seguir solicitando o Concello de Ames a construción dun aparcamento na contorna do IESP, suficiente para dar cabida a personal e familias que necesiten acceder a el.

DOCUMENTOS DE INTERESE

1.- Proxecto educativo de centro

A disposición no centro (Dirección do centro). Pendente da redacción doutro documento adaptado as novas necesidades e a normativa vixente.

NOF (pendente de revisión nun próximo Consello Escolar). Publicado na web.

2.- Proxecto lector

Aprobado anualmente polo Claustro e Consello Escolar, a disposición de toda a comunidade educativa na secretaría do centro. Tamén na web.

3.- Plan integración das TIC

Actualizado este curso figura como ANEXO I a este documento

ANEXO I

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

INTRODUCCIÓN:

O IES de AMES por estar situado nunha localidade que experimentou unha rápida e gran expansión demográfica na última década presenta un alumnado bastante heteroxéneo, pois na sociedade de Ames conviven profesionais tradicionais do agro e de oficios tradicionais con outros que se dedican a actividades máis novidosas e que abrangue a maioría das profesións; o fenómeno da inmigración tampouco é alleo a este centro e son varios os alumnos/as procedentes doutros países, sobre todo Sudamérica. Esta variedade deixase sentir particularmente nos primeiros cursos da ESO onde están matriculados alumnos/as de niveis sociais, académicos e culturais diversos. Precisamente as TIC son un mecanismo de integración de gran importancia para atender esta diversidade. A maioría do alumnado dispón de televisión, radio, vídeo, teléfono e ordenador na súa casa e en menor grao de conexión a Internet. Tamén son moitos os que manexan cámaras de fotos dixitais, mp3, teléfonos móbiles, etc.

O IES de AMES conta cos seguintes recursos:

- Un salón de actos dotado con ordenador con acceso a Internet e medios audiovisuais.
- Once Aulas Abalar.
- Dúas aulas de informática con ordenadores conectados en rede e con acceso a Internet.
- Un espazo no taller de tecnoloxía dotado con ordenadores.
- Aula de 1º FPB (aula 107) dotada con 12 ordenadores en rede e con acceso a Internet
- Unha sala de profesores/as con seis ordenadores con acceso á rede e a Internet.
- Tódalas aulas, teñen instalado un sistema de audiovisuais, con son, e un ordenador con acceso a Internet.
- Ordenadores nos departamentos con conexión á rede e Internet
- Ordenadores portátiles.
- Punto de acceso a rede por fío en tódalas aulas.
- Redes WIFI: “**edu.xunta.es**” nas zonas abalar e **ED_15027721** con problemas de emisión.
- Cámara de fotos e cámara de vídeo.
- Reprodutores de vídeo/DVD con monitor transportables.
- Videoproxector portátil.
- Ordenadores na biblioteca con conexión á Internet.
- Páxina Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesames/>
- Material audiovisual, libros e manuais de informática na biblioteca.
- ...

Obxectivos xerais:

- * Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- * Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.

- * Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidade especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- * Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- * Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- * Fornecer ó alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- * Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- * Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- * Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- * Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente
- * Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
- * Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- * A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación derivadas das desigualdades sociais.

Obxectivos a curto prazo:

- Organizar a posta a disposición dos recursos entre a comunidade educativa.
- Detectar necesidades de recursos.
- Elaborar un plan de adquisición de novos materiais.
- Fomentar o mantemento e o uso adecuado dos equipos.
- Difundir a páxina Web do centro e fomentar o seu uso pola comunidade educativa.
- Fomentar o uso do correo electrónico.

Obxectivos a medio e longo prazo:

- Renovación e actualización dos recursos.
- Adquisición de novos equipos e recursos.
- Mellora na cobertura das redes WIFI.
- Informar de accións formativas para o profesorado.
- Redefinición e mellora da páxina Web do centro.
- Deseño dunha estratexia de mantemento e actualización da páxina Web do centro.
- Potenciación da “Aula Virtual” do centro.
- Organizar actividades que involucren a toda a comunidade educativa.
- Detectar as necesidades formativas do profesorado no campo das TIC.

ACTIVIDADES:

- Participación en concursos “online” de carácter educativo con outros centros.
 - Intercambios de correos electrónicos con membros doutras comunidades educativas.
 - Fomentar a consulta e uso de libros e aplicacións sobre audio, vídeo e fotografía dixital existentes na Biblioteca.
 - Fomentar a consulta e uso do catálogo da Biblioteca.
 - Fomentar a elaboración de materiais audiovisuais e dixitais: fotografías, vídeos, presentacións, material sonoro, a través de concursos, xornadas, conferencias, etc.
 - Estimular a difusión de materiais na páxina Web do centro.
 - Facilitar información sobre actividades, xornadas, concursos, etc.
- Se a dispoñibilidade horaria do centro o permite nomearase un profesor coordinador abalar e das TIC, que poderá ter parte do seu horario destinado a este cometido. Encargarase de promover que se cumpra o plan das TIC.
- Se a dispoñibilidade horaria do centro o permite, poderanse destinar outros profesores para colaborar no desenvolvemento do plan.
 - Este coordinador, en colaboración co equipo directivo, poderá convocar reunións de usuarios das TIC.
 - Elaboración dun catálogo actualizado de recursos.
 - Elaboración dunha relación actualizada de IP en uso.
 - Elaboración dun protocolo de uso que permita o acceso os recursos por parte de toda a comunidade educativa.
 - Elaboración dunha previsión de uso dos espazos.
 - Promover un sistema de reserva de espazos con antelación suficiente e en termos de equidade respectando as prioridades curriculares.
 - Redistribuír os espazos, se fora necesario, para a optimizar o seu uso.
 - Detectar alumnado con necesidades especiais e facilitarlle o acceso ás TIC, dándolle facilidades para o uso destes recursos.
 - Actualización dos equipos informáticos existentes, favorecendo a instalación de software libre e de código aberto.
 - Incrementar a dotación de equipos audiovisuais e organizar un espazo específico na biblioteca para este fin.
 - Promover un plan de adquisición de novo material multimedia e difundir o existente.
 - Propor, ou organizar, as actividades oportunas.
 - Difundir o enderezo do correo electrónico do Centro e da Web nos documentos do Instituto.